

MEMORIA DE ACTIVIDADES

Persoal bolseiro da OMA

Curso 2021-2022



MEMORIA DE ACTIVIDADES

DIRECCIÓN	Manuel Soto Castiñeira - Director OMA-UDC
COORDINACIÓN	Verónica Torrijos Pérez - Técnica OMA-UDC Martina Rey Dono - Técnica OMA-UDC
MAQUETACIÓN	Mateo Suárez Gil - Bolseiro Greencampus OMA-UDC
EDITA	Oficina de Medio Ambiente, Vicerreitoría de Infraestuturas es Sustentabilidade
AGRADECEMENTOS	Servizo de Asesoramento e Promoción do Estudante (SAPE), Vicerreitoría de Estudantes, Participación e Extensión Universitaria (VEPEU)

PERSOAL BOLSEIRO

Química	Garabatos Diéguez, Paula
ETSCCP	Dosil Seijo, Nicolás
Informática	Caamaño Díaz, Jaime
Bioloxía	Torviso Fernández, Ángela
Arquitectura	Penide Jané, Rafael
Filoloxía	Garrone, Francesca
Socioloxía	Díaz Carballeira, Alicia
CC da Educación	Posada Fernández, David
Económicas	Rodal Martínez, Mónica
ETSCCP	López López, Miguel
Ciencias da Saúde	Carabel Dávila, June
Fisioterapia	Díaz Rodríguez, Antón
Ferrol	Suárez Gil, Mateo

ÍNDICE

1. COORDINACIÓN E RESPONSABILIDADES	1
2. DIVULGACIÓN DA OMA	4
3. MOBILIDADE SUSTENTÁBEL	5
4. BIODIVERSIDADE E MONTE DA FRAGA	9
5. RESIDUOS E COMPOSTAXE	11
6. PROXECTO EDUCANDO PARA A SUSTENTABILIDADE	15
7. AFORRO DE AUGA, ENERXÍA E PAPEL	19
8. OUTRAS ACTIVIDADES	20
8.1 Hortas urbanas UDC e parcela OMA	
8.2. Proxecto “O sanguento impacto dos produtos menstruais dun só uso”	
8.3. III Xornadas da Rede Interuniversitaria de Voluntariado Ambiental na USAL	
8.4. Proxecto Ríos	
8.5. Curso de verán: "Construíndo realidades alternativas desde a perspectiva ecosocial e o feminismo"	
8.6. Campaña Menos Lixo (Litter Less)	
9. PROGRAMA GREEN CAMPUS	27
10. IV EDICIÓN PREMIOS UDC SUSTENTABILIDADE	28
11. A UDC NO RANKING GREENMETRIC2021	29
12. RESULTADOS E VALORACIÓN DO CURSO 2020-2021	30
13. AVALIACIÓN	32

1. COORDINACIÓN E RESPONSABILIDADES

1.1. A Oficina de Medio Ambiente

A Oficina de Medio Ambiente da Universidade da Coruña (OMA-UDC), situada no Edificio Xoana Capdevielle, no campus de Elviña, é o órgano ambiental da universidade, dependente da Vicerreitoría de Infraestruturas e Sustentabilidade.

Os obxectivos principais da OMA encádranse nos seguintes eidos:

- A xestión ambiental.
- A sensibilización e a participación da comunidade universitaria en materias relacionadas co medio ambiente e a sustentabilidade.

Para o cumprimento dos seus obxectivos, a OMA participa na coordinación e realización de diferentes actuacións na UDC, as cales se engloban nos seguintes bloques temáticos:

- Información e divulgación ambiental en toda a universidade.
- Participación e corresponsabilidade ambiental.
- Proxectos sectoriais relacionados coa xestión e a sustentabilidade ambiental.

1.2. A organización do persoal bolseiro

Cada curso académico a Vicerreitoría de Estudantes, Participación e Empregabilidade a través do Servizo de Asesoramento e Promoción do Estudante (SAPE) convoca diversas bolsas para a formación complementaria do estudiantado de Grao da Universidade. Entre elas atópanse as bolsas para a OMA e o programa Green Campus. O obxecto destas bolsas é ofrecer unha formación transversal en medio ambiente e sustentabilidade, dirixíndose a todas as disciplinas que se estudan na universidade e implicando ao estudiantado na mellora en sustentabilidade dos campus.



No curso 2021/22, catorce estudantes gozaron da devandita bolsa e formaron parte do equipo de bolseiros da OMA, tres con dedicación completa á oficina e once con funcións compartidas cos comités Green Campus dos seus centros.

As actividades empezaron en novembro e remataron en maio do ano seguinte. As actividades das bolsas destinadas á OMA estiveron coordinadas por Manuel Soto, director da OMA, e por Verónica Torrijos e Martina Dono, técnicas da OMA. Para o bo funcionamento do equipo, mantivéronse dúas canles principais de comunicación:

- Presencial: Reunións ao longo do curso para definir os próximos obxectivos da OMA, reparto de tarefas e posta en común de dúbidas e propostas, entre outras cuestións.
- Telemática: Por correo electrónico e aplicacións de mensaxería instantánea.

As principais liñas temáticas que se desenvolveron durante o curso 2021/22 foron as seguintes:

- Divulgación: Xestión das redes sociais da OMA e preparación de material audiovisual para difundir as actividades, facer recomendacións de boas prácticas, recordar as festividades de carácter medioambiental e animar á comunidade a involucrase e participar activamente na promoción da sustentabilidade e no coidado do medio ambiente.

- Xestións administrativas: Inscricións ás actividades mediante correo electrónico e emisións de certificados.
- Resíduos e compostaxe: Implantación de illas de recollida selectiva en diversos centros da universidade. Experiencia piloto de compostaxe no Edificio Xoana Capdevielle. Revisión periódica do proceso de compostaxe nas áreas de cada comedor universitario.
- Ecoauditorías: Diversas auditorías de residuos e auga en diferentes centros. Procesado e análise de datos posterior. Etiquetaxe das billas dos aseos coa eco-etiqueta segundo o seu consumo de auga.
- Promoción da mobilidade sustentábel: Préstamo de bicicletas, enquisa da pegada ecolóxica da mobilidade, actividades de concienciación.
- Voluntariado ambiental: Coordinación de actividades e programas. Este curso centrouse principalmente na limpeza de praias e eliminación de especies exóticas invasoras.
- Actividades na natureza: Roteiros e plantación da horta da OMA.
- Green Campus: atender a consultas dos comités dos centros adscritos ao programa, dispor de horario compartido das persoas bolseiras para traballo en rede na xestión ambiental da UDC.
- Proxecto Educando para a Sustentabilidade. Marzo Ambiental 2022: Coordinación e posta en marchas das actividades encadradas no Marzo Ambiental.
- O grupo de bolseiras e bolseiros da OMA participou nestas actividades segundo o plan de formación da convocatoria da bolsa da Vicerreitoría de Estudantes, Participación e Empregabilidade.

Reparto e procedencia das persoas bolseiras

O persoal bolseiro formou un equipo multidisciplinar, facendo así do medio ambiente e a sustentabilidade unha temática transversal, cun obxectivo común: facer da Universidade un lugar máis sustentábel e promover actividades e hábitos respectuosos co medio ambiente.

Persoal bolseiro da OMA:

- E.T.S. de Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos
- Facultade de Ciencias (Grao en Química)

Persoal bolseiro da OMA + Green Campus

- Facultade de Informática
- Facultade de Socioloxía
- Facultade de Ciencias (Grao en Bioloxía)
- Facultade de Fisioterapia
- Facultade de Ciencias da Educación
- Facultade de Filoloxía
- Facultade de Ciencias da Saúde
- E.T.S. de Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos
- Facultade de Economía e Empresa
- E.U. de Arquitectura Técnica
- Campus de Ferrol (2)

Algunhas das bolsas ofertadas este curso académico quedaron desertas: a da OMA para a Facultade de Ciencias da Comunicación e as bolsas OMA + Green Campus de E.T.S. de Náutica e Máquinas, E.T.S. de Arquitectura, Facultade de Dereito e Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física.

1.3. Recoñecemento de créditos

O recoñecemento de créditos por participación en actividades universitarias culturais, deportivas, de representación estudantil, solidarias e de cooperación ven recollido na Resolución Reitoral do 23/12/2020 da Universidade da Coruña na que se establecen as actividades polas que se recoñecen créditos nos estudos de Grao, pola participación en actividades universitarias culturais, deportivas, de representación estudantil, solidarias e de cooperación. Concretamente, no punto 7 do seu Anexo I especificase que todas as actividades abertas da OMA están suxeitas ao recoñecemento académico de créditos nos estudos de Grao, de modo que por cada 10 horas de formación se recoñecerá 1 crédito ECTS. No presente curso recoñecéronse un total de 52créditos ECTS a 38 persoas.

1.4. Voluntariado ambiental

Desde o curso 2016/2017 e grazas a un acordo de colaboración coa Oficina de Cooperación e Voluntariado, a OMA pode contar con persoal voluntario durante o curso, o cal se dedica especificamente a cuestións medioambientais e/ou de promoción da sustentabilidade. Este programa está dirixido a toda a comunidade universitaria, incluíndo tanto ao alumnado, como PDI e PAS. Para participar cómpre realizar un pequeno curso en voluntariado e estar ao tanto das actividades nas que se pode participar, elixindo aquelas que máis se adapten aos intereses e disponibilidades de cada persoa. Deste xeito, estímase que a dedicación semanal é de entre 1 e 3 horas semanalmente ao longo do curso.

Non obstante, existe tamén outra modalidade de voluntariado, que é aquela referente á participación en xornadas concretas de voluntariado ambiental, convocadas pola OMA de xeito puntual, de temática moi variada e cuxa duración estimada é de entre 2 e 3 horas.

Toda a información sobre o voluntariado ambiental na UDC na seguinte ligazón: https://www.udc.es/es/sociedade/medio_ambiente/voluntariado/



2. DIVULGACIÓN DA OMA


A OMA conta cunha entrada propia na páxina web da [UDC](#), onde se presenta a oficina e as súas funcións. Tamén se difunden as actividades organizadas, así como os programas e proxectos que promove na UDC, como o aluguer de bicicletas e hortas, os premios da sustentabilidade, etc. Ademais, a difusión na web complementase coa presenza da OMA nas redes sociais, pois posúe contas de Twitter, Facebook, Instagram e You Tube, ademais dun Blog onde se publican crónicas e artigos periodicamente e outro dedicado exclusivamente ao Monte da Fraga.

2.1 Redes sociais e o seu alcance

As publicacións en Twitter, Facebook e Instagram fixéronse de forma síncrona. O principal labor destas tres redes sociais foi publicitar as actividades organizadas pola OMA e recordar datas históricas relacionadas co medio ambiente (lembranzas sobre desastres medioambientais, Días Mundiais e Internacionais como o do Medio Ambiente, o dos Bosques, etc.).



Este curso, en [Twitter](#) acadouse a cifra de 773 seguidores/as, despois de 39 novas incorporacións. Así mesmo, foi nesta rede social onde se conseguiu a publicación con máis alcance, chegando ata case 2.000 persoas. Mentres tanto, [Instagram](#) foi a rede social que experimentou un maior incremento no número de seguidores (un 25 %), superando así os 825. Polo que respecta ao [Facebook](#), na actualidade conta con 1.714 seguidores/as (41 máis que o ano pasado), polo que é a canle de difusión da oficina máis popular, importante para a divulgación das actividades e proxectos que desenvolve. Nesta rede, a publicación con máis alcance chegou a 1.200 persoas usuarias.



Por outra banda, a plataforma de [YouTube](#) emprégase tanto para subir as gravacións de distintas charlas ou mesas redondas como para pequenas reportaxes de actividades, como o resumo da Feira da Sustentabilidade 2022. Aínda que neste caso conta con poucas persoas suscritas, é un espazo relevante para a divulgación de material de interese para a comunidade. Respecto do [Blog do Monte da Fraga](#) tivo 391 visitas durante o curso 2021/2022. Finalmente, o [Blog xeral](#), no cal se publican artigos ou crónicas das actividades realizadas, contou con preto de 330 visitas durante o último ano.

3. MOBILIDADE SUSTENTÁBEL

O Plan de mobilidade e espazo público da UDC foi publicado no ano 2010 co obxectivo de establecer as bases para o desenvolvemento dun espazo público acolledor e sustentábel, compatíbel cunha mobilidade respectuosa, que prioriza o peón, a bicicleta e o transporte público, así como os desprazamentos partillados, fronte ao uso de vehículo privado. Isto sitúa á UDC coma unha institución exemplar á hora de construír un campus universitario sustentábel, comprometido coa conservación e mellora do medio ambiente e consciente dos beneficios sociais, culturais e económicos que supón un plan de actuación responsábel.

3.1. Servizo de préstamo de bicis

O Servizo de préstamo de bicicletas, xestionado pola OMA, está incluído no Plan de mobilidade sustentábel da UDC. O obxectivo é poñer este recurso a disposición do estudantado e do persoal PAS e PDI, facilitando así o aceso a unha bicicleta a aquelas persoas interesadas en facer uso da mesma. Deste xeito, pretende favorecerse a mobilidade sostíbel, tanto ata os centros de estudo/traballo como para os desprazamentos do día a día.

Durante o curso 2021-22 cedéronse en préstamo as 70 bicicletas dispoñíbeis, o cal confirma o éxito deste programa.

Toda a información sobre este servizo pódese atopar na [páxina web da OMA-UDC](#)



3.2. Bicicletas eléctricas para facilitar o acceso ao centro de estudo ou traballo á comunidade universitaria da UDC

Ao amparo do Programa Estatal de Incentivos á Mobilidade Eficiente e Sostible (Programa MOVES II) do ano 2020, a UDC beneficiouse da axuda cofinanciada pola Unión Europea (Programa Operativo FEDER Galicia 2014-2020) para a adquisición de 20 bicicletas eléctricas para a comunidade universitaria, poñéndolas en préstamo a través de sorteo ás persoas solicitantes.

Esta iniciativa, ademais das vantaxes das bicicletas convencionais, enmárcase na adaptación da mobilidade ao escenario de novas esixencias derivadas do período post Covid-19, favorecendo o desprazamento individual sustentable e axudando así a desconxestionar a capacidade do transporte público colectivo.



3.3. A pegada ecolóxica da mobilidade na UDC

En marzo de 2022 solicitouse a través das listas de estudantado e persoal da UDC a realización voluntaria da enquisa de mobilidade (desprazamentos relacionados coa actividade universitaria) a través da calculadora OMA-Emapic da UDC. A enquisa recibiu un total de 625 entradas na semana do 4 ao 9 de abril de 2022. Os resultados poden verse na seguinte ligazón: <https://emapic.es/custom/mobilidade-desprazamentos-udc/results>

Segundo este estudo da pegada ecolóxica (PE) da mobilidade da UDC, obtivéronse unhas emisións medias de 1.052 kg CO₂/persoa e ano, con 22.829 t CO₂ emitidas anualmente pola UDC e unha pegada ecolóxica de 3.641 ha de bosque galego, medida que supera en máis de 300 veces a superficie con vexetación arbórea do campus. Máis en detalle, o colectivo do estudantado achega o 81% da PE total, a pesar de que o seu factor de emisión é claramente inferior ao do persoal. Por zonas dos campus, obtívose unha PE similar e lixeiramente inferior á media en A Zapateira e Elviña, mentres que Esteiro e Reitoría presentaron pegadas claramente superiores á media.






Cunha media de 198 viaxes ao ano, a distancia global percorrida atinxe os 143 millóns de km (6.588 km/ano por persoa de media), o 52% en coche particular, responsable do 86% das emisións. En canto aos modos de mobilidade, por número de viaxes, o coche convencional (combustión) achega a maior porcentaxe (45,4%), seguíndolle o autobús (35,6%). A continuación aparecen os desprazamentos a pé (13,7% das viaxes), e con pequenas achegas o tren (2,3%) e a bicicleta (1,7%). Deste xeito, os modos non emisores achegan o 16% dos desprazamentos, predominando o camiñar seguido da bicicleta, aínda que as distancias medias percorridas son moito inferiores ás dos outros medios (0,8 - 5,0 km).

Existen algunhas diferenzas entre grupos, sendo a máis grande no uso do autobús, que atinxe ao 44,3% do estudantado, fronte ao 11,3 e 8,% do PDI e PAS, respectivamente. Pola contra, o PDI fai uso do coche particular nun 74,7% dos casos e o PAS nun 75,9%, fronte ao estudantado que o fai nun 57,6% dos casos. Esta diferenza de 20 puntos do estudantado en relación ao persoal achega un aforro de emisións estimado en 5.550 t CO₂ anuais, aproximadamente un 20% das emisións totais.

Con todo, o coche particular achega o 83,7% das emisións totais no caso do estudantado, o 96,0% no caso do PAS e o 95,5% no caso do PDI. En canto aos factores de emisión (kg CO₂ por km percorrido), estes son un 25% máis baixos para o estudantado e o PEC en relación a PAS e PDI, o que indica a elección de modos de transporte menos contaminantes polos primeiros colectivos citados.

Finalmente, a COVID reduciu os desprazamentos totais mais aumentou o uso do vehículo privado, especialmente entre os colectivos PEC e PDI.





O estudantado realiza un menor número de viaxes (persoa/ano).

Para o Tipo 1, as emisións per cápita anuais do estudantado son a metade das de PDI e PEC, e unha terceira parte das de PAS. Tamén son menores nas emisións totais.



FACTORES DE EMISIÓN (kg CO₂ por km percorrido) **25 % menor** para estudantado e PEC (en relación a PDI e PAS)

TAXAS DE EMISIÓN (kg CO₂ por viaxe) **44 % menor** para estudantado e PEC (en relación a PDI e PAS)

3,4 kg CO₂/viaxe para estudantado e PEC
6,0 kg CO₂/viaxe para PDI e PAS

Medios de transporte menos contaminantes
Maior proximidade ao centro universitario

A diferenza de 20 puntos no uso do coche por parte do alumnado supón un aforro de emisións estimado de 5.550 t CO₂ anuais (20% das emisións totais)!!

PDI: menor nº desprazamentos a pé




A COVID reduciu o número de desprazamentos totais (especialmente entre os colectivos PEC e PDI), mais aumentou o uso do vehículo privado

Enquisa realizada en abril de 2022 pola Oficina de Medio Ambiente da UDC (OMA-UDC), empregando a aplicación EMAPIC. Contou cun total de 625 respostas (2,9% da comunidade universitaria).
Podes ler o informe completo no apartado de Pegada Ecolóxica da web da OMA: https://www.udc.es/gl/sociedade/medio_ambiente/pegada_ecologica/

3.4. EMAPIC: UDC e global

O cálculo da pegada ecolóxica é un forte indicador de sustentabilidade. A través da ferramenta [Emapic](#) desenvolta polo CartoLab e a OMA, pódese medir a pegada ecolóxica da mobilidade asociada aos desprazamentos por estudo ou traballo á UDC.

No curso 2021-2022 participaron 96 persoas, que xeraron unha media de 716,55 kgCO₂/persoa e ano para os rexistros deste período, os cales representa o 46% das participación totais desde a posta en marcha da ferramenta en decembro de 2019. Neste caso, encontrouse un resultado notablemente inferior ao obtido no informe da mobilidade ligada á UDC. Este nesgo pode deberse a que o achegamento a estas ferramentas de cálculo por iniciativa propia adoita levar implícito un factor de motivación de persoas que xa veñen practicando unha mobilidade máis responsábel.





3.5. MUV: 1º Torneo Universitario para a Mobilidade Sustentábel

A UDC é unha das 83 universidades adheridas a U-MOB. No marco deste proxecto europeo lanzouse o xogo MUV, que mestura o real e o dixital para cambiar a percepción da mobilidade diaria, a través dunha App para teléfonos intelixentes. Consistiu nun reto que se desenvolveu durante 8 semanas, a partir do 20 de setembro de 2021, na Semana Europea da Mobilidade.

Utilizando a App MUV ao ir á universidade camiñando, en bicicleta, en transporte público ou compartindo coche, as persoas participantes foron sumando puntos de sustentabilidade, optando a premios na convocatoria individual e por grupo da universidade.

MUV foi unha nova experiencia, divertida por medio do xogo, de interacción entre persoas da UDC e entre universidades. Participaron activamente 15 persoas da UDC que acadaron un total de 450.000 puntos de sustentabilidade, situaron á UDC en catro ocasións do torneo no 2º e 3º posto do ránking de universidades.

Toda a información do torneo accesíbel [aquí](#).



4. BIODIVERSIDADE E MONTE DA FRAGA

O Monte da Fraga é un espazo forestal situado entre as facultades de Ciencias e Filoloxía. No 2006 comezou un proceso de recuperación, co cal pasou de ser un espazo descoidado, con exceso de eucaliptos e sen xestión silvícola, a converterse nun lugar de referencia na UDC para o desenvolvemento de actividades ao aire libre, así como para a experimentación e investigación ligadas principalmente á Facultade de Ciencias. Reforestacións participativas con especies forestais autóctonas, eliminación de especies exóticas invasoras, mapeo de especies e inventarios de biodiversidade son algunhas das actividades levadas a cabo.

4.1. Proxecto de custodia do territorio

A Custodia do Territorio é unha estratexia de conservación definida pola Lei 42/2007, do 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade, segundo a cal as Administracións Públicas fomentarán a custodia do territorio mediante acordos entre entidades de custodia e propietarios de fincas privadas ou públicas que teñan por obxectivo principal a conservación do patrimonio natural e a biodiversidade. Un exemplo disto é a colaboración coa UDC dos colectivos ecoloxistas ADEGA e Hábitat, que están a contribuír coa realización de diferentes actividades de estudo e conservación do espazo do Monte da Fraga. Este proxecto conta ademais cun “Convenio específico de colaboración entre o Concello da Coruña e a Universidade da Coruña para a execución do proxecto de custodia e voluntariado ambiental no Monte da Fraga”, asinado en outubro de 2017, e renovado anualmente ata a actualidade.



4.2. Actividades

- **Reparación da charca do Monte da Fraga.**

Este espazo foi creado co obxectivo de incorporar un sistema húmido, clave para a promoción da biodiversidade, favorecendo a formación de novos hábitats e ecosistemas no Monte da Fraga. Porén, precisa de coidados e reparacións periódicas. Os días 23 de setembro e 5 de outubro de 2021 leváronse a cabo actividades enfocadas a mellorar o entorno, cun total de 22 persoas participantes. Foron monitorizadas polo persoal técnico e de educación ambiental de ADEGA.

XORNADA DE VOLUNTARIADO NO MONTE DA FRAGA:

REPARACIÓN DE CHARCAS "23 de setembro"

Programa:

- **10:00h** Encontro na porta da Fac. de Ciencias (A Zapateira)
- **10:10h** Explicación da importancia das charcas. Comezo dos traballos de reparación
- **13:00 h** Remate da actividade

Se non podes estar no horario completo anótate igual e indica a túa dispoñibilidade. (Mínimo 1h)

Data: xoves 23 de setembro
Lugar: Monte da Fraga
Pto de encontro: Porta da Fac. De Ciencias (A Zapateira)
Contacto e inscrición: itziaraadega.gal
 628378804

Recoñecemento de créditos para estudantes de grao da UDC. 3h (1C por cada 10h de participación en actividades da OMA)

Oficina de Medio Ambiente
UNIVERSIDADE DA CORUÑA

- **Eliminación de flora invasora.**

Empregando ferramenta manual e técnicas experimentais ecolóxicas, lévanse a cabo actividades monitorizadas polo persoal técnico e de educación ambiental da asociación ecoloxista ADEGA. Os principais obxectivos son a eliminación física das plantas e a debilitación estratéxica da flora invasora. Ademais, algunhas destas actividades foron acompañadas de charlas informativas sobre a ameaza que supón a flora invasora. As persoas voluntarias participaron en varias saídas ao monte con esta fin: o 23 de setembro, o 5 de outubro e o 9 de novembro de 2021, cun total de 22 persoas participantes.

- **Construción de refuxios para a fauna habitante no monte da Fraga.**

Co obxectivo de aumentar a biodiversidade deste ecosistema arbóreo, o 29 de setembro levouse a cabo unha actividade de construción de caixas niño, a cal foi monitorizada polo Grupo Naturalista Hábitat e contou con 14 persoas participantes.



- **Baño de bosque no monte da Fraga:**

Co obxectivo de favorecer a conexión e desfrute das persoas coa natureza, levouse a cabo unha sesión de baño de bosque (ou Shinrin-yoku), unha terapia orixinaria do Xapón que permite baixar o ritmo, espertar os sentidos e relaxarse. Tivo lugar o 9 de outubro de 2021, contou con 15 persoas participantes e foi guiada por unha experta en Baño de bosque e Terapia Forestal certificada.

- **Roteiro interpretativo polo Monte da Fraga.**

Co obxectivo de dar a coñecer este espazo natural e a súa diversidade biolóxica, así como a rede de caixas niño e refuxios de fauna que acubilla, leváronse a cabo roteiros de divulgación ambiental, coordinados polo Grupo Naturalista Hábitat. Tiveron lugar o 13 de outubro e o 9 e 30 de novembro de 2021 e contaron cun total de 31 persoas participantes.

- **Saída de campo polo Monte da Fraga e obradoiro de identificación de cogomelos.**


Como parte da VI Semana dos Cogomelos, coordinada pola [Asociación UDC Big Bang](#) e que tivo lugar do 1 ao 5 de novembro, realizouse unha saída de campo polo Monte da Fraga, a cal se centrou na recollida de cogomelos. Despois, levouse a cabo un obradoiro de identificación dos exemplares recollidos. Nesta actividade participaron un total de 30 persoas.

- **Outras actividades no Monte da Fraga dentro do programa do Marzo ambiental.**

O 14 de marzo tivo lugar o obradoiro “Escoitando o que non se escoita: morcegos e ultrasóns”. Foi coordinado pola entidade Sorex, Ecoloxía e medio ambiente e consistiu nun achegamento teórico-práctico a este mamífero nocturno tan peculiar. A parte práctica levouse a cabo no Monte da Fraga, onde empregando un aparello especializado se puideron escoitar os ultrasóns emitidos polos morcegos. Nesta actividade participaron 7 persoas, incorporadas dentro da participación do Marzo Ambiental. Así mesmo, durante o mes de febreiro levouse a cabo o Concurso de fotografía organizado pola Facultade de Ciencias “Biodiversidade do Monte da Fraga”, que premiaba as mellores fotografías que recollían o encanto e valor ecolóxico deste espazo natural do campus da Zapateira.

4.3. Concurso Gaia 20:30

O concurso Gaia 20:30, organizado pola Foundation for Environmental Education (FEE), pretende premiar aqueles proxectos que contribúen a protexer a biodiversidade global. Dende a OMA presentouse no mes de abril o proxecto do Monte da Fraga, por encaixar á perfección nos descritores da convocatoria e para darlle visibilidade, esperando que poida servir de inspiración para a creación de proxectos semellantes noutros centros de ensino.



5. RESIDUOS E COMPOSTAXE

5.1. Semana Europea de Prevención de Residuos

A Semana Europea de Prevención dos Residuos (EWWR, polas súas siglas en inglés) pretende promover a realización de diferentes accións sobre prevención e xestión sostíbel de residuos. No 2021 tivo lugar entre o 20 e o 28 de novembro e o seu lema central foi “Comunidades Circulares”.

No caso da UDC, aprovéitase esta semana para facer fincapé na sensibilización da comunidade universitaria no eido dos residuos. Así mesmo, é durante este período que se centra en levar a cabo algunhas accións de gran relevancia:



- Mini-charlas informativas: a cargo do persoal técnico e bolseiro da OMA, fíxéronse breves intervencións en aula, co principal obxectivo de sensibilizar ao alumnado de nova incorporación sobre o modelo de separación de residuos da Coruña e a súa área comarcal (modelo Nostián). No presente curso participaron nesta iniciativa as Facultades de Ciencias, Ciencias da Educación e Economía e Empresa. A mensaxe conseguiu chegar de forma directa a 27 aulas do 1º curso da UDC, distribuídas como segue: FCC (4 aulas), FCCEE (8 aulas) e FEE (15 aulas). En total esímase 945 alumnos/as que recibiron a información, máis o seu profesorado.

- Caracterización de residuos: consisten na clasificación por tipo de material dos residuos acumulados durante un período de tempo determinado nas papeleiras dos edificios, co obxectivo de analizar o volume e tipo de residuos xerados, así como a calidade da recollida selectiva nos distintos contedores. Esta análise é de gran interese para entender as dinámicas de xeración de residuos nas diferentes localizacións, así como o nivel de concienciación neste aspecto da comunidade universitaria, diferenciando entre as distintas Facultades/Edificios.


Os días 24, 25 e 28 de novembro, dende a OMA e coa axuda do persoal bolseiro, realizouse a caracterización de residuos na Escola Técnica Superior de Náutica e Máquinas (Riazor), na Facultade de Dereito (Elviña) e na Facultade de Ciencias da Educación (Elviña), respectivamente. O informe de resultados pode consultarse [aquí](#).



5.2. Instalación Sistema Recollida Selectiva: Edificio Xoana Capdevielle e Campus Riazor

O sistema de separación de residuos en orixe nos centros da UDC busca adaptarse aos requirimentos da normativa actual de obrigado cumprimento: a Directiva (UE) 2018/851 e a Lei 8/2022, obrigan ás persoas físicas e xurídicas a facer a separación en orixe, facendo partícipes á cidadanía (comunidade universitaria), ás entidades (UDC) e ás empresas (servizos contratados pola UDC). Ademais, a UDC como institución educativa e de liderado social e asinante dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentábel (ODS2030), debe contribuír a practicar e dar visibilidade ao modelo de recollida selectiva en orixe dos residuos vixente no ámbito que lle corresponda (Coruña – Ferrol), coa finalidade última de favorecer a correcta separación e xestión do lixo polo conxunto da sociedade.

Por este motivo, a OMA promociona a transición cara a recollida selectiva en diferentes edificios da Universidade, principalmente a demanda dos centros Green Campus, mediante a instalación de illas de separación e a retirada das papeleiras de recollida indiferenciada. No curso 2021/2022 o sistema de recollida selectiva instalouse nos edificios do campus de Riazor (Edificio Normal, ETS de Náutica e Máquinas e Centro Universitario de Riazor (CUR)) e na Aula de Estudo do Edificio Xoana Capdevielle.



• Enquisa sobre a implantación de recollida selectiva (RS).

No caso do edificio Xoana Capdevielle e no CUR, aproveitouse a implantación do sistema de recollida selectiva para recoller información sobre a percepción do alumnado (principal usuario da aula de estudo) respecto da separación en orixe e a reciclaxe. Ademais, ese mesmo folleto servía para informar de como debía levarse a cabo a correcta separación dos nosos residuos. Os cuestionarios recollíanse de forma anónima nunha caixa situada na entrada da aula de estudos. A posterior análise dos datos permitiu coñecer que un 70% das persoas usuarias da aula de estudo do

Edificio Xoana Capdevielle consideraban que a instalación da recollida selectiva no edificio era unha acción necesaria. Non obstante, unha gran porcentaxe de persoas declarou non coñecer a forma de separación do lixo segundo o modelo Nostián (80%) nin segundo o modelo de Sogama (71%). Así e todo, un 60% das persoas que responderon a enquisa manifestou reflexionar sobre o impacto dos seus residuos e un 70% afirmou que contribuíría de maneira activa á separación en orixe dos seus residuos. Deste xeito, queda claro que existe unha interese xeralizada na correcta separación dos residuos, mais que é preciso maior información e campañas de concienciación de como realizar a separación de maneira correcta.

5.3. Áreas de compostaxe na UDC

As 9 áreas de compostaxe supoñen o tratamento in situ dos residuos orgánicos xerados nos comedores universitarios. A correcta xestión destas áreas permite a elaboración de compost catalogado como tipo A (apto para agricultura ecolóxica), o cal é empregado posteriormente nas hortas universitarias.



Esta práctica que cubre case o 90% do serizo de comedores da UDC permite reducir aproximadamente 20 toneladas de residuos anuais e supón un bo exemplo de como incorporar a concepción da economía circular no entorno universitario.



5.4. Programa piloto de compostaxe dos residuos

En marzo de 2022 iniciouse un programa piloto de xestión de residuos co cal se pretendía poder producir compost a partir da materia orgánica (MO) depositada polas persoas usuarias da Aula de Esstudo e do vestíbulo do edificio Xoana Capdevielle nos contedores correspondentes. No estudo, o persoal bolseiro da OMA estivo a facer un seguimento dos residuos depositados no contedor verde escuro (MO), realizando unha caracterización de residuos semanal, eliminando os impropios e compostando a MO. O obxectivo foi estudar a calidade da separación e analizar a cantidade de MO xerada, de cara á posibilidade de implantación dunha área de compostaxe dimensionada ao lugar.

A calidade da RS foi elevada, superando o 80% en peso de propios no colector de MO. Ao longo do curso a achega máxima ocorreu na época de exames, por estar localizados os contedores á saída da Aula de Estudo. A cantidade media recollida diariamente (96 días de estudo) foi de aproximadamente 0,5kg, o que se pode extrapolar á xestión de 185kg/ano de residuos de MO *in situ*.



5.5. Exposición de residuos “O lixo na UDC - Modelo Nostián”

A sensibilización respecto da xeración e xestións dos residuos é unha peza clave á hora de promover unha redución da pegada ecolóxica dos hábitos de consumo das persoas. Co obxectivo de concienciar á comunidade universitaria, a OMA-UC conta cunha exposición composta por 16 paneis na cal se explican as características do modelo de xestión de residuos na comarca da Coruña (modelo Nostián) e se detalla cómo realizar unha correcta separación en orixe, ademais de outra información de interese. Este curso estivo itinerante na Facultade de Económicas, na Facultade de Ciencias da Educación, na Facultade de Ciencias, nas dúas sedes da Universidade Sénior (campus Riazor e campus Esteiro) e no Edificio Xoana Capdeville.

Exposición dispoñible [aquí](#).





5.6. Cálculo da pegada ecolóxica por xeración de residuos.

EMAPIC é unha aplicación de software libre desenvolta polo CartoLAB e a OMA co obxectivo de poder levar a cabo estudos de xeorreferenciación participativa. Dende a OMA, empregámola para calcular a pegada ecolóxica dos hábitos de consumo da poboación en aspectos relacionados cos residuos, a mobilidade, a enerxía, etc. Así mesmo, tamén se está levando a cabo un mapeado da eficiencia no consumo da auga, tanto nos edificios da UDC, como noutras localizacións.

Durante o curso 2021-2022 esta aplicación contou con 738 novas entradas, cunha produción media de 0,97 kg de residuos por persoa e día e unha media persoal de 111,45 kg CO₂/ano. En global, a 27 de xuño do ano 2022 contaba cun total de 2.157 entradas e un índice de 1,03 kg de residuos/día, unha media lixeiramente inferior á obtida en anos anteriores.

Podes acceder á calculadora no seguinte enlace: <https://emapic.es/custom/oma>



6. PROXECTO EDUCANDO PARA A SUSTENTABILIDADE



Este amplo proxecto ten o obxectivo de facer chegar á comunidade universitaria formación en cuestións ambientais imprescindíbeis para facer fronte á crise ecolóxica e ambiental na cal nos atopamos, ao tempo que fomenta a participación da cidadanía en cuestións de sustentabilidade tanto ambiental como social. Como parte deste proxecto, no curso 2021/2022, e por quinto ano consecutivo, organízouse o programa ‘Campus, Casa, Cidade: Laboratorios do cambio’, unha iniciativa coa que se pretende desenvolver nas persoas capacidades que permitan actuar en cuestións ambientais que son prioritarias na actualidade, combinando actividades individuais e en grupo, e usando a vivenda, o campus e a cidade como lugares de estudo e experimentación. Todas estas actividades realízanse de forma habitual durante o curso, pero teñen un maior protagonismo durante o programa do ‘Marzo Ambiental 2022’.

6.1. Marzo Ambiental 2022

O Marzo Ambiental é un ciclo específico para a promoción dos obxectivos de sustentabilidade do programa ‘Campus, Casa, Cidade: Laboratorios do cambio’. Este ano tivo lugar a súa quinta edición do 2 ao 31 de marzo de 2022 e estivo composta por varias liñas de acción: palestras, mesas redondas, obradoiros, visitas técnicas, voluntariado ambiental, cinema-debate...

Unha vez máis, as actividades estiveron marcadas pola actual emerxencia sanitaria, seguíndose sempre o protocolo COVID, mais apostando maioritariamente pola volta á presencialidade, co obxectivo de fomentar os encontros e a formación de rede entre as persoas participantes. A asistencia desta edición tivo un alcance superior ás 1.500 persoas.

6.1.1. Conferencias, mesas redondas e palestras

En total leváronse a cabo vinte conferencias, mesas redondas e palestras durante o Marzo Ambiental, superando os números do curso 2020/2021. Existiu unha gran variedade temática, tratando non só con cuestións de actualidade respecto do medio ambiente, senón tamén temas de saúde, resiliencia, aforro e eficiencia enerxética... A asistencia a estas actividades, combinando as modalidades presencial e telemática, foi de 467 persoas.

6.1.2. Obradoiros

Leváronse a cabo 15 obradoiros, superando de novo o número de actividades do curso anterior. Unha vez máis, cabe destacar a gran variedade temática, abarcando desde actividades encamiñadas a reducir o impacto xerado sobre o medio ambiente, como as eco-auditorías ou construción de refuxios para as aves, ata actividades encamiñadas a implementar cambios nas actividades cotiás para reducir a pegada ecolóxica dos nosos hábitos, como foi o caso do obradoiro de Sustentabilidade para comer, no cal se mostraron maneiras máis eficientes e respectuosas co medio de alimentarnos. En total, contabilizouse a asistencia de 152 persoas.

6.1.3 Implicámonos: Voluntariado ambiental e Encontros facilitados

Este ano incluíronse 6 actividades encamiñadas á participación activa da comunidade en canto ao mantemento do medio ambiente. Por un lado, organizáronse 3 actividades de voluntariado ambiental, que consistiron na limpeza de diferentes espazos naturais: a praia de Bens, a contorna natural do campus e plogging no campus de Esteiro (finalmente adiada para o abril). Así mesmo, tiveron lugar unha serie de encontros facilitados, o obxectivo dos cales era xuntar a persoas con intereses e preocupacións comúns e crear unha rede de cooperación universitaria, para así poder actuar conxuntamente fronte a problemáticas. En total, participaron 68 persoas nestas actividades.

6.1.4 Cinema-Debate

Este ano realizáronse 4 sesións de cinema, nas cales se proxectaron unha serie de documentais relacionados coa crise ecolóxica e sustentabilidade, ao tempo que se contaba cunha persoa experta no tema para dirixir o debate posterior. Tratouse o tema do consumo masivo de carne e a súa gran pegada ecolóxica, o impacto da arquitectura e as construcións nos espazos naturais, as cuestións clave da crise climática e a desestruturación e inhabitabilidade das cidades. Unha vez rematada a proxección, convidouse á reflexión conxunta a través de debates e dinámicas moderadas polas persoas especialistas convidadas, nas cales as asistentes podían compartir as súas opinións e enriquecer o coñecemento. Acudiron en total 34 persoas ás distintas proxeccións.

6.1.5 Visitas técnicas

Para ofrecer unha aprendizaxe máis práctica, organizáronse tres saídas, ao Parque Eólico Experimental Sotavento, á Depuradora de augas residuais EDAR Bens e ao módulo bioclimático “A Vieira”. Nestas visitas, nas cales se contaban con persoas especialistas dos propios centros, mostrábase de primeira man o funcionamento das diferentes plantas, ao tempo que se reflexionaba sobre a produción de enerxía e a eficiencia enerxética, a xestión das augas residuais e dos residuos en xeral e sobre temas relacionados coa bioconstrución. En total, acudiron 41 persoas ás diferentes visitas técnicas.

6.1.6 Exposicións

Co motivo do ‘Marzo Ambiental’, nove exposicións estiveron dispoñíbeis durante o mes de marzo en distintas escolas e facultades da UDC; entre elas, estaban as fotografías gañadoras de dous concursos organizados polos Green Campus de Ciencias e Ciencias da Saúde. Así mesmo, outros temas que se trataban eran, por exemplo, o lixo na UDC, a mobilidade na Coruña ou cuestións de saúde nutricional e pegada ecolóxica da alimentación. A xente podía acudir de forma gratuíta e inverter o tempo preciso en ler os paneis e informarse do tema en cuestións. Estímase a participación dun total de 414 persoas.

6.1.7 Feira da Sustentabilidade

Este ano tivo lugar a VIII Edición da Feira da Sustentabilidade da UDC, do 29 ao 31 de marzo na Facultade de Economía e Empresa do Campus de Elviña. Tivemos o pracer de contar coa asistencia de numerosas asociacións e proxectos que centran a súa actividade en promover un estilo de vida sustentábel e acorde coas necesidades de cambio que nos esixe a emerxencia climática, así como de protección da biodiversidade e da calidade ambiental; e tamén con algunhas cunha perspectiva ecosocial, clave para levar a cabo unha transición ecolóxica xusta. Podes atopar unha pequena explicación das entidades participantes no seguinte vídeo divulgativo [aquí](#).



Estas asociacións colocaron os seus postos no vestíbulo da Facultade de Economía e Empresa, algúns deles acompañados de obradoiros, xogos, concursos ou dinámicas participativas, e incluso agasallos para as persoas que máis interese mostraron. Estímase a participación dun total de 90 persoas. Ademais, a Feira da Sustentabilidade foi recollida polos medios de comunicación. Concretamente, no programa Hoy por hoy de Radio Coruña Cadena Ser, pincha [aquí](#) para ver o fragmento do programa. Ademais, a oficina tamen participou na radio CEIDA, onde tamén se fixo unha explicación de que é a OMA e que fai. Pincha [aquí](#) para escoitar o programa.

FOTOGRAFÍAS MARZO AMBIENTAL 2022



Algunhas imaxes de actividades levadas a cabo no Marzo Ambiental 2022: Obradoiro - Petiscos de permacultura; Mesa redonda - Experiencias de éxito en economía sustentábel; Exposición - O lixo na UDC, Modelo Nostíán; Visita técnica - Módulo Bioclimático "A Vieira"; Voluntariado Ambiental - Limpeza da praia de Bens.

6.2 Mariña Ambiental

Mariña Ambiental é un programa de formación focalizado na educación infantil, primaria e secundaria nos colexios e institutos da Mariña Lucense.

Está incluído no Proxecto Educando para a Sustentabilidade, que conta coa financiación da Fundación Alcoa, e consiste na organización de actividades prácticas co obxectivo de formar tanto ao estudantado como ao profesorado en temas básicos relacionados coa sustentabilidade ambiental. Contan con tres liñas de accións (auga, enerxía e residuos) e son os centros os que poden escoller as temáticas de interese. Así mesmo, tamén dá a posibilidade de financiar proxectos propostos polos centros en calquera destas tres liñas.

O alcance directo do proxecto é duns 850 estudantes, contando con 7 centros de educación infantil, primaria e secundaria: CEIP Castro de Ouro, Cervo, Gregorio Sanz; ou CPR Plurilingüe Martínez Otero; ou CFEA Pedro Murias; e vos IES Enrique Murais e Perdouro.

Este proxecto foi ben acollido polos centros, realizándose 20 actividades de formato palestra-obradoiro e 10 solicitudes de implantación de proxectos ambientais. Ademais, a UDC recibe varios grupos de alumnado e profesorado para coñecer a actuación que se realiza no campus universitario, tales como os sistemas de compostaxe descentralizada de residuos de comedor, os sistemas de drenaxe urbana sostible, as hortas urbanas...



6.3. Pegada ecolóxica e emerxencia climática: achegas desde a UDC

Na segunda quincena de xuño, e por terceiro ano consecutivo, desenvolveuse o curso on-line “Pegada ecolóxica e emerxencia climática: achegas desde a UDC”, o cal se inclúe na iniciativa Campus, Casa, Cidade: Laboratorios do cambio da OMA-UDC. Este módulo de formación combinou unha parte de estudo de conceptos, facendo uso de ferramentas web, aplicacións de ciencia cidadá, material audiovisual e textos de apoio; con outra parte práctica de análise e cálculo da pegada ecolóxica persoal. O curso completouse cunha visita guiada polo Campus para coñecer en vivo as principais actuacións de sustentabilidade da UDC: depuración de augas por humidal, áreas de compostaxe, eficiencia enerxética, aforro de auga, hortas, sistemas urbanos de drenaxe sustentábel, bioconstrución, entre outras.

En total, inscribíronse 27 persoas, das cales o estudantado de grao puido optar ao recoñecemento de créditos (curso estimado en 10 horas de dedicación), logo de superar os conceptos de avaliación.



Na seguinte imaxe móstranse os resultado da participación nas ferramentas OMA-Emapic para o cálculo da pegada ecolóxica e eficiencia nos equipamentos consumidores de auga no fogar (valores medios das 12 persoas que superaron o curso):

Curso CCC-online (n=12)	Media	Desv. Est.	Max.	Mín.	Mediana
Caudal na billa do aseo (L/min)	7,1	3,6	12,9	3,5	5,5
Caudal na ducha (L/min)	13,1	7,0	23,0	3,5	13,5
Consumo diario de auga estimado (L/persoa e día)	128	63	235	12	121
Xeración de residuos (por persoa, kg/d)	1,12	0,29	1,84	0,85	1,08
Separación en orixe dos residuos xerados (%)	64	24	84	22	80
Pegada ecolóxica dos residuos xerados (kg CO ₂ /ano)	87	64	263	30	61
Consumo total de enerxía na vivenda (kWh/persoa·ano)	3206	1723	6645	1000	2619
Pegada de carbono por consumo de enerxía na vivenda (kg CO ₂ /persoa·ano)	1033	1077	3978	88	760
Porcentaxe de enerxía procedente de fontes renovables (%)	35	40	100	0	19
Pegada ecolóxica persoal por mobilidade (kg CO ₂ /persoa·ano)	3150	4179	14532	10	1382

7. CAMPAÑAS DE AFORRO DE AUGA, ENERXÍA E PAPEL

7.1. Contribucións no mapeo de auga con Emapic

Durante o curso 2021/2022 houbo 163 novas participacións nesta aplicación para o mapeo colaborativo dos equipamentos consumidores de auga (billas e cisternas), obtendo como resultados un caudal medio de 5,62 L/min e a modalidade de cisternas para a descarga única representa o 53%, mentres que as de descarga dobre ou interrompíbel supoñen un 43%.

7.2. Aforro de auga na UDC e ecoauditorías

No curso 2021-2022 seguíuse co obxectivo de reducir o consumo de auga. Concretamente, leváronse a cabo ecoauditorías da auga en 5 centros: Facultade de Informática, Edificio Normal, Facultade de Ciencias da Saúde (Edificio de Fisioterapia e Edificio de Terapia Ocupacional) e no Edificio de Reitoría. A actuación consistiu na medición dos caudais que permiten facer control e seguimento do estado das billas. Así mesmo, leváronse a cabo medidas de aforro, como a colocación de eco-etiqueta para o aforro de auga, a instalación de eco-perlizadores nas billas compatíbeis e a sinalización do caudal de cada billa, indicando o seu nivel de eficiencia hídrica.

7.3. Aforro de papel na UDC

A Oficina de Medio Ambiente continúa cada curso a fomentar o aforro de papel na UDC e promocionar o uso do papel reciclado. Dúas das accións que se desenvolveron foron a iniciativa ‘Re-utilizando: 2 caras, 2 usos’, mediante a que se promocionou a reutilización do papel a través de caixas colocadas ao longo das áreas comúns de Escolas e Facultades. Nestas caixas, que para maior visibilidade levaban o distintivo da campaña, podíase deixar o papel empregado só por unha cara coa fin de que aquel que o precisase, o reutilizase, reducindo así o consumo de papel e evitando que estas follas a medio usar acabasen no lixo.

Así mesmo, durante a Feira da Sustentabilidade tamén se repartiron cadernos reutilizados, reempregando Traballos Final de Grao e Traballos Final de Máster encadernados e impresos unicamente por unha cara.

Finalmente seguíuse a promover a ‘Guía pública verde de papel’ coa intención de diminuír o consumo de papel e optimizar o seu uso. Con esta guía, a UDC incorporouse á compra verde e tentou sensibilizar a toda a comunidade universitaria á hora de mercar papel conscientemente. Manual dispoñíbel: [aquí](#).

7.4. Aforro de enerxía na UDC

De novo, a divulgación en canto ao uso responsábel da enerxía continuou no curso 2021/2022 coa sinalización en lugares estratéxicos da imaxe “OFF” facendo referencia á importancia de apagarmos os equipamentos e luces ao remate do seu uso.



8. OUTRAS ACTIVIDADES

8.1 Hortas urbanas UDC e parcela OMA

Dende o ano 2013 a UDC conta cunha zona destinada ao cultivo ecolóxico de alimentos. As hortas urbanas da UDC buscan avanzar na xestión ambiental sustentábel do campus e contribuír á concienciación ambiental da comunidade universitaria e da sociedade en xeral, ao tempo que promoven a alimentación natural e de proximidade.

A actuación por parte da UDC incluíu o peche parcial do espazo, a adaptación ao novo uso, o abonado de fondo con compost de calidade ecolóxica, a achega de auga para a rega dos cultivos e un caseto con ferramentas. Actualmente cóntase con 28 parcelas duns 20m2 cada unha e espazos comúns para actuacións complementarias de tipo colectivo.

As parcelas son cedidas por un ano, con posibilidade de renovación o curso seguinte. En todas as convocatorias, a totalidade das parcelas foron cedidas ás persoas solicitantes, configurándose unha lista de agarda coas persoas interesadas non beneficiarias. Ademais, a OMA proporcionou un ano máis formación para as persoas usuarias interesadas, co obxectivo de dar pautas para comezar a realizar traballos nas hortas e resolver posíbeis dúbidas.

Por outra banda, a OMA dispón dunha pequena parcela na praza da Fraga (A Zapateira), ca cal se pretende dar visibilidade ao programa de hortas, así como ter unha mostra de como a xestión dos residuos orgánicos na UDC permite pechar o ciclo da materia, empregando como abono o compost xerado mediante a reciclaxe da materia orgánica provinte dos comedores universitarios e a poda das árbores do campus.

Durante o curso 2021/2022, o persoal bolseiro da OMA e Green Campus encargouse do coidado de dita parcela. As xornadas consistiron na eliminación das herbas adventicias, a preparación da terra para o cultivo e a plantación de alimentos como tomates, patacas ou leitugas, e tamén de herbas aromáticas (pirixel, menta, etc.). Neste curso, durante o inverno parte da parcela deixouse a barbeito, co fin de que a terra recuperase as condicións óptimas para o cultivo.



8.1.1 Inauguración dunha horta comunitaria no Campus de Esteiro

En xuño de 2022, por iniciativa do Green Campus Ferrol, inaugurouse a nova horta comunitaria do Campus de Esteiro, a cal conta cunha superficie total de 60 m². Mediante unha primeira xornada de voluntariado, na cal se levou a cabo a plantación dalgunhas sementes, estrenouse este novo espazo, que pretende contribuír á aposta da UDC pola sustentabilidade.

Ao igual que as hortas do Campus de Elviña, esta iniciativa ten unha dobre intención. Por unha banda, achegar o traballo coa terra e a agricultura ecolóxica á comunidade universitaria; e doutra banda, permitir a xestión sostíbel dos residuos orgánicos xerados no comedor universitario, os cales serán compostados *in situ*, para despois seren empregados como abono nas hortas, diminuindo as emisións de CO₂ e gases de efecto invernadoiro.

Esta boa nova apareceu recollida no periódico La Voz de Galicia.



8.2. Proxecto “O sanguento impacto dos produtos menstruais dun só uso”

Este proxecto cun nome tan suxerinte trata os graves impactos ambientais, sociais e económicos producidos polo uso destes produtos, en termos de produción (materia prima, manufacturación e transporte), xestión de residuos xerados e contaminación e pegada ecolóxica. Ademais, faino dende unha dobre perspectiva, cun estudo legal-económico e en termos de saúde persoal e ambiental. O groso do proxecto tivo lugar na Semana Menstruoambiental do 22 ao 26 de novembro, durante a cal se desenvolveron diversas actividades:



- 23 de novembro: Palestra telemática enfocada desde unha perspectiva-económico financeira. Falouse da taxa rosa a pobreza menstrual e o custe de xestión de residuos. Dispoñíbel aquí: <https://www.youtube.com/watch?v=U3wvhfzszTw>
- 24 de novembro: Palestra telemática onde se analizaron os impactos ambientais dos produtos dun só uso. Falouse do uso de materiais, auga e enerxía, emisións de CO₂, residuos e lixo mariño, entre outros problemas. Dispoñíbel aquí: <https://youtu.be/ts8nSgfVP7s>
- 25 de novembro: Palestra telemática sobre redución e reutilización de materiais, orientada á posibilidade de elaborar compresas de tea como alternativa aos produtos dun só uso. Dispoñíbel en: https://youtu.be/IT2I_dJG7SI
- 27 novembro: Xornada de voluntariado ambiental na praia de Bens, onde se fixo mostraxe e inventario dos produtos menstruais atopados. Contou con 8 persoas participantes.

Durante esa semana tamén se levou a cabo unha enquisa para coñecer a opinión da comunidade universitaria sobre os produtos menstruais e o seu impacto ambiental, a cal contou con 42 participacións. Ademais, durante o Marzo Ambiental incluíuse un obradoiro de elaboración de compresas de tea a partir de materiais reutilizados, como camisetas, toallas e paraugas vellos, ao cal asistiron 11 persoas.

Tamén baixo a iniciativa RompendoRegrasLAB e realizouse unha campaña de concienciación e de fomento do voluntariado ambiental chamada “#lixoretrete”, a cal estivo monitorizada por RetoqueRetro.

O alumnado destinou uns 30 minutos semanais a realizar unha limpeza de produtos dun só uso nas praias de Bens (A Coruña), Orzán (A Coruña) e Samil (Vigo). Realizáronse un total de 19 limpezaas cunha alcance de 57 persoas (media 3/limpeza). Atopáronse toallíñas hixiénicas, bastonciños de algodón para os ouvidos, medicamentos, xiringas, produtos menstruais dun só uso, produtos de hixiene persoal... Deste xeito, os residuos foron clasificados e cuantificados. Destaca o grande número obtido de bastonciños de ouvidos (962), seguido do elevado número de toallíñas (58), medicamentos (57) e compresas (38), tiritas (31) e aplicadores de tampón (28) xunto coas máquinas de afeitar (27).

Ademais, coas mostras destas limpezaas elaborouse unha exposición de recollida participativa na Facultade de Ciencias da Educación para visibilizar a problemática de depositar no retrete produtos dun só uso. O lixo foi clasificado en diferentes botes para que todas as persoas puidieran comprobar a cantidade e coñecer o efecto que estes produtos poden ter no mar.

Por último, cómpre salientar que nas redes sociais se levou a cabo unha campaña de difusión para fomentar a participación e sensibilizar ao alumnado.

O alcance estimado do proxecto é de 201 persoas e contou con 5 axentes implicados: OMA-UDC, Proxecto Xerminando, Retoque Retro, Comité Green Campus e Oficina para a Igualdade de Xénero da Facultade de Economía e Empresa.

Podes atopar toda a información sobre o proxecto, así como o material elaborado, na seguinte ligazón: <https://labsbibliotecarios.es/proyecto/o-sanguento-impacto-dos-produtos-menstruais-dun-so-uso/>



8.3. III Xornadas da Rede Interuniversitaria de Voluntariado Ambiental en Salamanca e Almenara de Tormes

Dúas persoas bolseiras do programa Green Campus xunto cunha das coordinadoras da OMA tiveron a oportunidade de asistir ás III Xornadas da Rede Interuniversitaria de Voluntariado Ambiental.

Dentro do programa das xornadas, no primeiro día, as 12 universidades participantes realizaron unha presentación sobre os seus programas para fomentar a sustentabilidade e o voluntariado dentro dos seus campus. Deste modo, as iniciativas levadas a cabo na UDC foron inspiradoras para outras universidades, ao tempo que nós tivemos a oportunidade de ver como traballan noutras oficinas para elaborar no futuras novas actividades e propostas de acción.

A presentación da UDC enfocouse nos labores levados a cabo pola OMA, dando a coñecer a oficina e as actividades que se realizan, como as limpezas de praias, as xornadas de cociña con fornos solares, as áreas de compostaxe no campus, as hortas urbanas, o préstamo de bicicletas, o proxecto de restauración e coidado do Monte da Fraga, a limpeza de ríos e a reforestación, entre outras.

Así mesmo, tivemos a oportunidade de coñecer proxectos innovadores que están a desenvolver na Universidade de Salamanca, como o proxecto #SmartFarmUSAL, así como coñecer a exposición Arte emboscado e o bosque de ribeira na Fundación Tormes-EB. Tamén cómpre salientar a actividade de plantabosques no humedal e a elaboración de caixas niño para paseriformes.

As universidades participantes nestas xornadas foron Universidade de Alcalá de Henares, Deusto Campus, Universidad Miguel Hernández, Universidad de la Rioja, Universitat Internacional de Catalunya, Universitat Politècnica de Catalunya, Universidad Autónoma de Madrid, Universidad de Córdoba, Universidad Francisco de Vitoria, Universidad del País Vasco, Universidad de Almería, Universidad de Salamanca e a Universidade da Coruña (UDC).



8.4. Proxecto Ríos

O Proxecto Ríos é unha iniciativa de concienciación, educación e participación cidadá en defensa dos nosos ríos. A OMA participa anualmente nas campañas de inspección de outono e primavera, nas que o voluntariado universitario se encarga do estudo físico, químico e biolóxico do río Lagar.

Este ano as inspeccións realizáronse o 8 de novembro e o 29 de abril cunha duración de dúas horas cada día. Participaron arredor dunha ducia de persoas en cada xornada, a maioría estudantes de primeiro curso do Grao de bioloxía da UDC.

Para saber o estado do río realizouse unha identificación de macroinvertebrados, os cales se empregan como bioindicadores, permitindo coñecer os parámetros de calidade físico-químicos dos cursos naturais de auga.

Para coñecer os diferentes seres vivos que están presentes no río contábase con libros e documentos que permitían clasificar os animais en varios grupos. Dependendo dos grupos presentes no curso fluvial, pódese facer unha estimación da saúde do río.

Finalmente, obtívose un resultado de calidade da auga moderada, o mesmo que nos dous anos anteriores.

Neste proxecto de voluntariado participaron un total de 69 persoas.



8.5. Curso de verán: "Construíndo realidades alternativas desde a perspectiva ecosocial e o feminismo"

Este curso 2021-2022, e baixo a convocatoria de Cursos de Verán da Vicerreitoría de Igualdade, Cultura e Deporte, a OMA organizou un curso estilo convivencia, o cal se centrou no ecofeminismo e na construción de novos imaxinarios colectivos, co fin de favorecer a saída das lóxicas imperantes da sociedade na que vivimos, as cales se sustentan na explotación da terra e das persoas. Así mesmo, tamén se facilitou a xeración de espazos e momentos de interacción libre entre as persoas participantes, co obxectivo de crear rede comunitaria.

O lugar de realización foi o entorno privilexiado do Albergue de Ecoturismo Alvarella (Vilarmajor) durante os días 4 e 5 de xullo. O curso sumou un total de 20 horas lectivas e incluíu o aloxamento, a a manutención e un xantar preparado con cociña solar.

O curso enfocouse desde unha tripla perspectiva social, económica e educativa, e estivo dividido en catro módulos, impartidos por persoas profesionais de diferentes ramas de coñecemento, como a antropoloxía, a filosofía, a economía, a socioloxía, a arquitectura, etc. Entre elas, tivemos o pracer de contar coa recoñecida ecofeminista Yayo Herrero, así como con outras persoas de gran traxectoria tanto internas como externas á UDC: Rosa María Regueiro, Elvira Santiago, Manuel Soto, Juan Bello, Araceli Serantes e Vanessa Míguez.

Ademais, tamén se realizaron actividades prácticas, como o obradoiro de cociña solar, co obxectivo de apreciar e aproveitar de maneira respectuosa as múltiples oportunidades que a natureza nos ofrece.

O curso contou cun total de 8 persoas participantes, permitindo construír un ambiente acolledor e familiar, moi proveitoso para a finalidade do curso.



8.6. Campaña Menos Lixo (*Litter Less*)

Esta campaña nace co obxectivo de sensibilizar á comunidade universitaria respecto do gran problema que supón a xeración desmesurada e inconsciente de residuos, ao tempo que fomenta o consumo responsábel e a redución da cantidade de residuos producidos, promovendo o cambio de hábitos a longo prazo. Trátase dunha campaña internacional lanzada a través dos Green Campus en máis de 15 países de xeito simultáneo, desenvolvida entre o 18 e o 28 de outubro.

Co obxectivo de fomentar a participación e a difusión da campaña, contábase cunha serie de premios económicos a sortear entre as persoas que realizaban os diferentes retos. Nas imaxes da dereita pódense ver algúns dos retos propostos ao longo da semana.

En total, a campaña tivo un alcance de 1.155 persoas en Facebook e acumulou 27 reaccións, comentarios e compartidas.

					Alcance	Clics na publicación	Reaccións, comentarios e compartidas
27/10/21 21:22	Día 7: contribuír a un ambiente limpo				147	3	5
26/10/21 14:19	Día 6: Un esforzo conxunto 🤝👑 1) Temos				88	2	1
25/10/21 17:34	Día 5: Día de Resíduos Cero 🌱✅ 1) Acepta o				112	0	2
22/10/21 19:03	Día 4: Por que necesito isto? 😊📱🗑️ 1)				138	1	3
21/10/21 22:24	Día 3: Contaminantes invisibles 👁️ Non todos				88	0	1
20/10/21 19:45	Día 2: Atrapada en plástico 😞 Coñece os				247	1	7
19/10/21 23:01	CAMPAÑA LITTER LESS A campaña Litter Less				235	0	6
19/10/21 14:27	Sete días de reto para reducir a nosa produción				100	5	2

DAY 1

Learning the Nature Around You



#litterlesscampaign

You will have to fill in a survey, watch a video, take a walk, ask yourself about what you feel, and share your thoughts on the Treasure Earth App or social media

LITTER LESS CAMPAIGN

DÍA 1. APRENDENDO DA NATUREZA QUE NOS RODEA

Completa [a enquisa sobre contaminación](#) hoxe e no día 7, e recibirás o Certificado da FEE, Fundación para a Educación Ambiental.

Tómate un momento para ver este vídeo: [Planet Earth: A Celebration. Message from BBC Earth](#)

Pregúntate: Como me sentín ao ver o vídeo?

Camiña 10 minutos ao aire libre. Tómate tempo e activa cada un dos teus sentidos: Que ves, ules, escoitas? Que agradeces mais do que acabas de observar? Podes pensar razóns polas que a natureza non produce residuos?

➤ Comparte as túas respostas a estas preguntas na App *Treasure Earth* (Litter Less Campaign) ou nas redes sociais (FB, IG) cos cancelos:

#litterlesscampaign #GreenCampusUDC

<http://www.ecoescuelas.org/litter-less-campaign>

DAY 4

Why do I need it?



#litterlesscampaign

You will have to reflect on what you bought the last 2 months, call your grandparents to talk about what they bought when they were your age, learn about circular economy and share your commitments to reduce consumption on the Treasure Earth App or social media

LITTER LESS CAMPAIGN

DÍA 4. POR QUÉ O NECESITO?

Pensa nas cousas que se compraron na túa casa nos últimos 2 meses: Roupas novas, aparellos electrónicos, adornos para casa...? Por qué o comprastes? Canto tempo pensas que durará?

Fala cunha persoa maior de 70 anos. Pregúntalle qué e cantas cousas compraba cando tiña a túa idade.

Por qué cres que hoxe compramos máis cousas e producimos máis residuos?

➤ Comparte as túas respostas a estas preguntas na App *Treasure Earth* (Litter Less Campaign) ou nas redes sociais (FB, IG) cos cancelos:

#litterlesscampaign #GreenCampusUDC

Debemos considerar as nosas necesidades e hábitos de consumo para promover unha cultura circular en lugar da lineal "comprar e tirar". [Descubre aquí os conceptos básicos sobre economía circular](#)

<http://www.ecoescuelas.org/litter-less-campaign>

9. PROGRAMA GREEN CAMPUS

No ano 2014 a Universidade da Coruña sumouse ao programa Green Campus, impulsado pola FEE (Foundation for Environmental Education). A FEE é unha organización non governamental e sen ánimo de lucro con sede en Dinamarca. O seu principal obxectivo é o de promover o desenvolvemento sostible a través dunha potente ferramenta: a educación ambiental. Leva a cabo programas variados e conta con máis de 100 membros en 81 Países do mundo. En España os programas levados a cabo, dos cales destacamos o famoso recoñecemento de Bandeira Azul e o programa de Eco-escolas, están supervisados pola Asociación de Educación Ambiental e do Consumidor (ADEAC). Green Campus inspírase na filosofía e método das eco-escolas, tentando adaptala ao máis complexo ámbito universitario.

Todos os centros docentes da UDC, un total de 21, contan co seu propio Comité Ambiental para levar a cabo os obxectivos do programa Green Campus. Cada un deles atópase nunha fase diferente, máis ou menos avanzada, de implementación do programa. Nos casos do Campus de Ferrol e da zona de Riazor, o programa inclúe todos os centros docentes e non docentes. Na actualidade, un total de 13 centros teñen concedida a bandeira verde (2 na Zapateira, 3 en Elviña, os 2 de Oza e os 6 de Ferrol). A máis recente foi a da Facultade de Economía e Empresa, cuxo acto de presentación tivo lugar o 27 de xuño de 2022.

A metodoloxía de Green Campus prevé os seguintes pasos: 1. Creación do Comité Ambiental dentro do centro; 2. Realización dunha primeira ecoauditoría; 3. Elaboración do plan de acción; 4. Seguimento e avaliación continua a través de ferramentas de medición cuantitativas e cualitativas; 5. Vinculación ao currículo académico; 6. Información e comunicación dirixidas á comunidade universitaria; 7. Declaración de compromiso ambiental por parte da institución.

Máis concretamente, as accións levadas a cabo teñen que ver con dez principais áreas de actuación:



1. Optimización do consumo de auga e enerxía.
2. Redución da xeración de residuos e recollida separada.
3. Atención preferente aos residuos de aparellos eléctricos e electrónicos (RAEE).
4. Contaminación atmosférica, acústica e luminosa
5. Mobilidade sostíbel.
6. Alimentación saudábel.
7. Biodiversidade.
8. Compra verde, comercio xusto e consumo responsable
9. Participación, sensibilización e voluntariado ambiental
10. Ambientalización curricular da docencia e da investigación.

COMITÉ GREEN CAMPUS CON LOGO PROPIO NO CURSO 2021-2022:



10. IV EDICIÓN PREMIOS UDC SUSTENTABILIDADE

Nos últimos anos, a UDC foi incorporando medidas para a mellora continua en termos de sustentabilidade. Deste xeito, xurdiron iniciativas como a conformación do Programa Green Campus, a elaboración de plans sectoriais en mobilidade e espazo público, a promoción da eficiencia enerxética, o uso sustentable da auga, a xestión de residuos e a ambientalización curricular, a cal consiste en incluír contidos en sustentabilidade nos currículos dos diferentes estudos. Relacionado con isto, dende a OMA organizáronse por cuarto ano consecutivo os Premios UDC Sustentabilidade, unha convocatoria na cal se premia economicamente a aqueles Traballos Final de Grao (TFG) ou de Mestrado (TFM) que, dende a súa temática particular, mellor incorporan unha análise de criterios de sustentabilidade. Así mesmo, os traballos seleccionados son publicados nunha colección da UDC. Desta forma, preténdese favorecer que o alumnado teña en conta esta dimensión clave á hora de elaborar os seus traballos.

Co fin de promocionar e dar a coñecer esta convocatoria, ademais de publicar o cartaz dos premios nas redes sociais e na web da OMA, expuxéronse de xeito itinerante dous paneis xunto cunha bicicleta en sete centros da UDC. Desta maneira, conseguiuase a participación dun total de 22 persoas.

A resolución, publicouse o 3 de xuño, polo Día do Medio Ambiente, cos seguintes traballos premiados.

Na modalidade de Traballo Final de Grao:

1º Premio: **Laura Méndez Casal**; Ecoliteratura: un proxecto de educación literaria e medioambiental.

2º Premio TFG: **Carlota Fiaño Salinas**; A sustentabilidade: unha viaxe mediante Google Earth.

Na modalidade de Traballo Final de Mestrado:

1º Premio: **Sonia Suárez Naveira**; Análise de viabilidade técnico-económica dun proxecto de asesoría enerxética.

2º Premio: **Paula Ballester Falcón**; Eficiencia enerxética nun buque Bulk Carrier de 40000 TPM.

Informe completo da III Edición Premios UDC Sustentabilidade aquí.

I Premio UDC sustentabilidade a traballos fin de grao e mestrado 2018

Cita bibliográfica: Oficina de Medio Ambiente. 2020. I premio UDC sustentabilidade a traballos fin de grao e mestrado 2018, A Coruña. Universidade da Coruña, Servizo de Publicacións.

ISBN: 978-84-9749-783-1.

DOI: <https://doi.org/10.17979/spudc.9788497497831>

II Premio UDC sustentabilidade a traballos fin de grao e mestrado 2019

Cita bibliográfica

Oficina de Medio Ambiente. 2020. II premio UDC sustentabilidade a traballos fin de grao e mestrado 2019, A Coruña. Universidade da Coruña, Servizo de Publicacións.

ISBN: 978-84-9749-800-5.

DOI: <https://doi.org/10.17979/spudc.9788497498005>

III Premio UDC sustentabilidade a traballos fin de grao e mestrado 2020

Cita bibliográfica

Oficina de Medio Ambiente. 2021. III Premio UDC sustentabilidade a traballos fin de grao e mestrado 2020, A Coruña. Universidade da Coruña, Servizo de Publicacións.

ISBN: 978-84-9749-829-6.


DOI: <https://doi.org/10.17979/spudc.9788497498296>



11. A UDC NO RANKING GREENMETRIC2021

A clasificación GreenMetric (UI GreenMetric World University Clasificación) foi creada no ano 2010 pola Universidade de Indonesia e clasifica as case mil universidades participantes segundo as súas políticas e accións de compromiso co medio ambiente. Para iso, analiza a sustentabilidade asociada a seis indicadores: Infraestruturas, Auga, Enerxía, Residuos, Mobilidade e Educación e investigación. O característico deste ranking é que o criterio de puntuacións fai que sexa rápido e sinxelo comparar e valorar de forma clara o compromiso das universidades dentro do programa coa sustentabilidade e a loita contra a crise ecolóxica.

No ano 2021, con 8.175 puntos, a UDC acadou o 4º posto das 28 universidades españolas participantes. Ademais, alzouse como a 49ª universidade máis sustentable do mundo, de entre as 956 participantes. Ademais, mantense un ano máis como a universidade líder en sustentabilidade no ámbito galego, destacando especialmente a súa implicación nos ámbitos de Educación e investigación e Residuos.




Rank 2021	País	Puntuación total	Contorna e Infraestrutura	Enerxía e Cambio Climático	Desfeitos	Auga	Mobilidade	Educación e Investigación
49	Spain	8175	1125	1650	1650	850	1250	1650

12. RESULTADOS E VALORACIÓN DO CURSO 2020-2021

12.1 Cronograma

No calendario aparecen as diferentes actividades realizadas durante o curso 2021/2022, distinguindo por cores segundo a súa tipoloxía.




12.2 Participación





As actividades desenvoltas neste curso 2021/2022 tiveron unha gran acollida. En conxunto, as actividades realizadas acadaron a participación dun total de 3.297 persoas.

Durante este curso, a maioría das actividades foron levadas a cabo de modo presencial, aínda que algunhas se ofreceron de modo telemático.

O total de actividades pode dividirse en 5 grupos principais:

- Marzo ambiental 2022: chegou a maior cantidade de participacións, superando as 1.500 participacións.
- Semana Europea para a prevención de residuos: estímase unha participación de 945 alumnos/as.
- VI Semana dos cogumelos na UDC: contou cun total de 235 participantes coa suma das diferentes actividades.
- Proxecto menstruambiental: estímase un total de 201 participantes.
- Actividades no Monte da Fraga: cunha participación de 134 persoas.
- Outras actividades: o conxunto de participación nas restantes actividades foi de 186 persoas.






13. AVALIACIÓN

OMA: Marzo Ambiental

Unha vez rematado o programa, enviouse unha enquisa composta por 16 preguntas ás cales se obtiveron 55 respostas para coñecer a opinión das persoas participantes sobre as actividades realizadas. A acollida global do Marzo ambiental foi moi positiva, cunha media de 4,65 sobre 5 puntos.



Tamén se poden ver diferentes opinións máis en detalle a través das seguintes gráficas.



BOLSAS DE COLABORACIÓN : GC e OMA

O persoal bolseiro da OMA e do Green Campus respondeu a unha enquisa anónima de valoración da súa bolsa, onde se recolleron as súas impresións sobre a dirección, a coordinación, a comunicación e as accións organizadas coa bolsa.

A avaliación global foi moi boa, cun 4,56 de media sobre 5 puntos na valoración global.



Practicamente a totalidade volvería colaborar se as súas circunstancias persoais e académicas así o permitisen ou recomendaría a participación a algunha amizade.

Entre os puntos a mellorar encóntrase a proposta de actividades ou a metodoloxía e a coordinación da bolsa cunhas puntuación ao redor dos 3,8 e os 4 puntos respectivamente.





UNIVERSIDADE DA CORUÑA

